



A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica na súa reunión de data 13 de outubro de 2016, en exercicio das súas funcións conforme ao recollido na *orde do 9 de abril de 2010 establece a composición, organización e funcionamento da comisión autonómica central de farmacia e terapéutica (CACFT)*, ante a inminente comercialización do medicamento ZEPATIER (ELBASVIR, GRAZOPREVIR) incluído na financiación dentro do *“Plan Estratégico para el abordaje de la Hepatitis C en el Sistema Nacional de Salud”*, vixente desde o pasado 1 de abril de 2015, e baixo o asesoramento da Comisión Técnica-Asesora para a implantación do Plan Estratégico da Hepatite C creada de conformidade co artigo 9 da citada orde do 9 de abril de 2010, acorda por unanimidade:

1. Aprobar a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, os medicamentos considerados de alto impacto, sanitario, social e económico: **ZEPATIER** (ELBASVIR, GRAZOPREVIR), no marco do *“Plan Estratégico para el abordaje de la Hepatitis C en el Sistema Nacional de Salud”*, aprobado polo Consejo Interterritorial del Sistema Nacional de Salud.
2. Os criterios de uso do medicamentos **ZEPATIER** (ELBASVIR, GRAZOPREVIR) actualizaranse conforme o lugar na terapéutica que contemple o Informe de Posicionamiento Terapéutico que publique a Agencia Española de Medicamentos y Productos Sanitarios e as posibles actualizacións da liña estratéxica 2 do citado plan nacional.

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2016

O presidente da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica

P.D. Acordo do 25 de novembro de 2016

O subdirector xeral de Planificación e Programación Asistencial



Alfonso Alonso Fachado

Comisións de Farmacia e Terapéutica dos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde